

Mostrador de Cores

un espectáculo sobre as emocións
basado no conto de Anna Llenas

Unidade
didáctica

Infantil

A Xanela
do maxín



Unidade didáctica: O Monstro de Cores e as Emocións

Idades: Educación infantil (3-5 anos)


Número de sesións: 5 (ampliáveis)

Áreas:

Identidade e autonomía persoal

Descubrimento da contorna

Comunicación e representación



Obxectivos

Xerais:

- Recoñecer e nomear as **6 emocións básicas** propias e alleas: alegría, tristeza, rabia, medo, calma e amor.
 - Desenvolver a **conciencia emocional e a empatía** cara ás demais persoas.
 - Expresar emocións a través de **linguaxes múltiples**: plástica, corporal, musical e verbal.
 - Iniciar estratexias sinxelas de **autorregulación emocional**.
- 

Específicos:

- **Identificar as emocións** en imaxes, contos e contextos cotiáns.
 - Asociar **cada emoción cunha cor** mediante código visual.
 - Relacionar **expresións faciais e posturas corporais** coa emoción correspondente.
 - Diferenciar **estímulos auditivos** (música rápida/lenta, forte/suave) e vincularlos a estados emocionais.
 - Fomentar a **comunicación verbal** sobre o que sentimos.
 - Utilizar polo menos unha **estratexia de calma** cando se lles propón.
- 
- 

Sección 1:

Coñecemos ao Monstro de Cores

Obxectivo específico da sesión:

Activar os coñecementos previos e presentar as 6 emocións básicas e a súa asociación cunha cor a través do conto.

1. Asemblea de benvida (5-7 min)

- **Rutina inicial:** cada neno/a escolle adhesivo de cor e pégao no mural colectivo.
- **Modelaxe docente:** "Hoxe eu sinto amarelo (alegría) porque imos coñecer un amigo novo".

➤ **Adaptación DUA:** Ofrecer tarxetas con pictograma + cor para quen necesite apoio visual. / Para quen non elixe: ofrecer 2 opcións ("Prefires amarelo ou azul hoxe?")

2. Lectura do conto "O Monstro de Cores" de Anna Llenas

o **Antes da lectura:**

Reunimos o grupo en asemblea. Mostramos a portada do libro e preguntamos: *Que vedes? Que cor ten o monstro? Que credes que lle pasa?* Escoitamos as súas ideas para activar coñecementos previos.

o **Durante a lectura:**

Lemos en voz alta, mostrando as imaxes con claridade. Facemos pausas para preguntar: *E agora, de que cor se puxo o monstro? Como credes que se sente? Vós sentíchedes así algunha vez?*

o **Despois da lectura:**

Diálogo guiado: *Cal era o lío do monstro? Quen lle axudou? Que emocións aparecen? Con que cor identificamos cada unha?*

- **Reforzar correspondencias con cartel visual permanente:**

🟡 Amarelo = ALEGRÍA 😊

🟦 Azul = TRISTEZA 😞

🔴 Vermello = RABIA 😡

⬛ Negro = MEDO 😨

🟢 Verde = CALMA 🧘

💖 Rosa = AMOR ❤️

3. Actividade plástica: "Os meus monstros emocionais" (Ficha 1)

Cada neno/a recibe unha ficha con varios debuxos do monstro en branco

Consigna: Píntao da cor da emoción que pensas que ten o monstro.

- (Pistas visuais na ficha: corazón → amor; boca ondulada → medo; ollos pechados → calma; bágoas → tristeza; cellas pronunciadas → rabia; sorriso grande → alegría)

4. Xogo de emparellar (Ficha 2)

Cada nena/o recibe unha ficha na que hai unha columna con cores.

(amarelo, azul, vermello, negro, verde, rosa) e outra con caras de emocións.

Consigna: Debuxa unha liña para emparellar cada cor coa súa emoción.

5. Peche da sesión (5 min)

Asemblea final: De que cor nos sentimos agora? Cada neno/a cambia o seu adhesivo se o desexa.

Ensinar "**Respiración da flor e da vela**":

"Imaxinamos unha flor: inspiramos polo nariz cheirándoa (1-2-3)... Agora unha vela: expiramos pola boca apagándoa suavemente (1-2-3-4)".

Explicar que esta respiración pódese usar cando nos sintamos moi vermello (rabia) ou negro (medo).

Sección 2:

O día da actuación

Obxectivo específico da sesión:

Vivenciar a representación teatral das emocións e expresar graficamente unha emoción significativa.

1. Asemblea de benvida + termómetro emocional (5 min)

- Repetimos a **rutina inicial**. Explicamos que hoxe temos unha saída especial.

2. Preparación para ir ao teatro (10-15 min)

Diálogo guiado:

- *Que credes que imos ver no teatro?*
- *Como credes que se senten os actores e actrices cando actúan?*
- Repasar protocolo de seguridade, parellas, persoa adulta de referencia...

3. Asistencia ao espectáculo teatral "O Monstro de Cores"

Asistencia ao espectáculo teatral "O Monstro de Cores" da compañía A Xanela do Maxín ( [WEB](#))

4. Despois do teatro: debuxo emocional (Ficha 3)

Cada neno/a debuxa algo que lle produza alegría, tristeza, enfado, medo, calma ou amor, utilizando a cor correspondente á emoción escollida.

5. Peche da sesión (5 min)

Poñemos en común algúns debuxos e preguntamos:

Que parte do teatro vos gustou máis? Como vos sentistes cando o monstro estaba triste/enfadado/alegre?

Rematar con "Respiración da flor e da vela" en círculo, de mans dadas.

Sección 3:

Escoitamos e Sentimos

Obxectivo específico da sesión:

Desenvolver a escoita activa e a conexión entre estímulos auditivos e estados emocionais.

1. Asemblea de benvida + termómetro emocional (5 min)

2. Preparación das tarxetas (Ficha 4)

Cada neno/a recibe unha ficha con 6 círculos para colorear coas cores das emocións. Despois recortamos (ou a persoa docente deixa listas) as tarxetas.

3. Audición musical e movemento

Escoitamos fragmentos musicais do espectáculo "O Monstro de Cores" ( **ligazón coas cancións**).

Pregunta: "Esta música fainos sentir...?"

Os nenos e nenas levantan a tarxeta da cor que elixen e bailan ou móvense segundo como lles fai sentir a música.

➤ **Adaptacións sensoriais:**

- Permitir observar dende un rincón con auriculares de redución de ruído.
- Ofrecer obxectos antiestrés (bola de texturas) durante a audición.
- Non obrigas a moverse: validar a observación como participación.

4. Peche da sesión (5 min)

Sentámonos en círculo e compartimos: Que música vos gustou máis? Cal era a máis difícil de bailar?

Rematar coa "Respiración da flor e da vela".

Sección 4:

O corpo tamén fala

Obxectivo específico da sesión:

Recoñecer a expresión corporal como forma de comunicar emocións.

1. Asemblea de benvida + termómetro emocional (5 min)

2. Quecemento articular + "Espello emocional"

- o **Movimentos suaves:** xirar pulsos, ombreiros, pescozo (sempre con respecto aos límites corporais).
- o **Xogo do espello:** Por parellas, unha persoa fai unha expresión facial/emocional e a outra persoa imita. Cambiar de rol.

3. Actividade manipulativa: Imitamos posturas (Fichas 5 a 10)

Imprimimos e recortamos as siluetas de corpos humanos en diferentes posturas e colocámolas no chan.

A continuación, por quendas, un neno/a colle unha silueta e as demais imitan a postura.

4. Xogo principal: "Estatuas emocionais"

Poñemos música. Cando a música para, a persoa que guía di unha emoción e as nenas e nenos conxelan o corpo representándoa.

5. Peche da sesión (5 min)

Reflexión: Como nos sentimos cando poñemos cara de rabia? E cando poñemos cara de alegría? Destacamos que o corpo "fala" sen palabras.

Rematar con "Respiración da flor e da vela" en círculo, de mans dadas.

Sección 5:

O teatro dos monstros emocionais

Obxectivo específico da sesión:

Integrar o aprendido mediante a dramatización, fomentando a empatía e a expresión verbal.

1. Asemblea de benvida + termómetro emocional (5 min)

2. Elaboración de recursos dramáticos (escoller unha opción)

- **Títeres:** Recortar os monstros da FICHA 1, pegar en pau ou palliña.
- **Máscaras:** Cartolinas de cores con elástico ou variña.
- **Chalecos de cor:** Bolsas de papel recortadas para pintar da cor da emoción.

Adaptación: Ofrecer títeres xa preparados para quen teña dificultades motrices. Tamén se poder permitir usar só adhesivos para decorar.

3. Dramatización en pequeno grupo

Preparamos pequenas escenas:

- o Un monstro que está contento porque atopou un tesouro.
- o Un monstro que ten medo da escuridade... pero atopa unha luz.
- o Un monstro que sente amor e dalle un abrazo a unha amiga.
- o Un monstro que está triste porque perdeu o seu xoguete favorito.
- o Un monstro que está enfadado porque lle quitaron a pelota.

4. Peche final da unidade (10-15 min)

- Revisamos os termómetros emocionais: Como nos sentimos hoxe? E onte?
- Cada neno/a di algo que aprendeu (Aprendín que o amarelo é alegría", "Cando estou triste podo respirar ou pedir un abrazo")

Rematar con "Respiración da flor e da vela".

Avaliación

Observación directa.

(registro anecdótico ou escala de estimación)

Recoñecen emocións en imaxes?

Nomean as emocións cando se lles pregunta?

Participan nas actividades con interese?

Utilizan as cores asociadas correctamente?

Expresan as súas propias emocións?

Portfolio da aula:

Fotos ou vídeos das actividades, os debuxos e as fichas gardadas nunha carpeta individual ou colectiva.

Autoavaliación da persoa docente:

As actividades respectaron os ritmos?

Houbo inclusión de todas as nenas e nenos?

Necesito reforzar algunha emoción en concreto?

Consellos para docentes

Linguaxe positiva

Evitar xulgar emocións (*hon chores* ") e validar sempre: "*É normal sentirse así*".

Modelaxe emocional

A persoa adulta tamén nomea as súas emocións: "*Hoxe estou alegre porque...*"

Ritmo adaptado:

Respectar que cada neno/a ten o seu tempo para expresar emocións.

Inclusión

Adaptar actividades para necesidades específicas (pictogramas, apoio visual...)

Xeralización:

Aproveitar situacións cotiáns (conflitos no recreo, perda dun obxecto)

Materiais necesarios

(resumo)

- Conto "O Monstro de Cores" (Anna Llenas) - edición en galego
 - Fichas 1 a 4 imprimibles (A4), unha por nena/o.
- Fichas 5 a 10 (Siluetas corporais imprimible A4), unha de cada.
 - Adhesivos de cores (reutilizables ou dun só uso)
- Paus de madeira, cartulinas, pegamento, tesoiras de seguridade

Recursos dixitais e audiovisuais

(resumo)

- Ligazón á web do espectáculo teatral
(<https://axaneladomaxin.com/espectaculos/o-monstro-de-cores>)
- Ligazón aos fragmentos musicais para a S3.
(<https://drive.google.com/drive/folders/1B4BD2oSrN28WoAVX7MKCegQRbyhkkmnq?usp=sharing>)
- Tablet ou cámara para portfolio de aula.
- Pictogramas ARASAAC imprimibles para axendas e guións.

Traballar as emocións en Educación Infantil senta as bases para unha intelixencia emocional saudable ao longo da vida.




Ligazóns útiles

- 📖 **Guía de Educación Emocional en Infantil - Consellería de Educación:**
(https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/guia_desenvolvemento_plan_benestar.pdf)
- 🌐 **ARASAAC - Pictogramas gratuítos:**
<https://arasaac.org>
- 🤖 **A Xanela do Maxín - Páxina web da Compañía:**
<https://axaneladomaxin.com>

Ficha 1:









Ficha 2:



The background of the page is white, decorated with several thick, expressive brushstrokes. In the top right, there are blue strokes, including a large, curved one. In the bottom left, there are green strokes, including a long, curved one. In the bottom right, there is a black stroke and a small yellow one. The text 'Ficha 3:' is written in a blue, cursive font in the upper left area.

Ficha 3:


Ficha 4:




Ficha 5:




Ficha 6:



Ficha 7:




Ficha 8:



Ficha 9:



Ficha 10:



Monstro de Cores

Sinopse

Este espectáculo teatral, inspirado no popular libro de Anna Llenas, convértese nunha viaxe chea de cores, música e xogo, onde as nenas e nenos, xunto coas súas familias, descubrirán que as emocións son amigas que hai que coidar e entender.

O Monstro de Cores esperta hoxe algo confundido: todas as súas emocións mesturáronse e agora non sabe que lle pasa.

Para poñer orde neste caos, contará coa axuda da súa amiga, unha nena chea de curiosidade e ganas de axudar. Viviremos unha divertida e emocionante aventura para aprender a recoñecer, nomear e expresar sentimentos, como a alegría, a tristeza, a rabia, o medo ou a calma.

Duración: 45 minutos

Coidadora e Nina

Celtia Figueiras

Carpinteiro e Monstro

Xosé Vidal

Pintor de Emocións

Pepe López

Autoría e Dirección

Celtia Figueiras e Xosé Vidal

Deseño de Iluminación

Octavio Mas

Espazo sonoro e proxeccións

ALU Studios

*Ilustracións Proxeccións e
Cartel*

Lorena Couto

Fotografías

Afonso Sestelo

Escenografía e títeres

A Xanela do Maxín

info@axaneladomaxin.com

635364587 / 620294166

www.axaneladomaxin.com

Monstros de Cores

un espectáculo sobre as emocións
basado no conto de Anna Llenas

Unidade
didáctica

1º Ciclo
Primaria

A Xanela
do maxín




Unidade didáctica: Aprendemos co Monstro de Cores

Idades: 1º ciclo de Educación Primaria (6 - 8 anos)

Número de sesións: 5 (ampliáveis)

Conexións curriculares e competencias:

- Comunicación lingüística
- Competencias sociais e cívicas
- Sentido da iniciativa
- Conciencia cultural



Obxectivos

Xerais:

- Recoñecer e nomear as **6 emocións básicas** en soporte escrito e oral.
 - Desenvolver a **conciencia emocional e a empatía** cara ás demais persoas.
 - Expresar emocións a través de **linguaxes múltiples**: plástica, corporal, musical, verbal e escrita.
 - Iniciar estratexias sinxelas de **autorregulación emocional**.
- 

Específicos:

- **Identificar as emocións** en contos, imaxes e contextos cotiáns.
 - Asociar **cada emoción cunha cor** e coa súa palabra correspondente.
 - Relacionar **expresións faciais e posturas corporais** coa emoción correspondente e a súa etiqueta escrita.
 - Diferenciar **estímulos auditivos** (música rápida/lenta, forte/suave), así como vincularlos a estados emocionais e ao vocabulario adecuado.
 - Producir **textos breves** (palabras, frases sinxelas, debuxo+etiqueta) sobre o que sentimos.
 - Utilizar polo menos unha **estratexia de calma** cando o precisen.
- 
- 

Sección 1:

Coñecemos ao Monstro e as súas palabras

Obxectivo específico da sesión:

Activar os coñecementos previos, así como presentar as 6 emocións básicas coa súa cor e a súa palabra escrita.

1. Asemblea de benvida (7-10 min)

- **Rutina inicial:** cada neno/a escolle adhesivo de cor coa palabra da emoción e pégaalo nun mural colectivo.
- **Modelaxe docente:** "Hoxe eu sinto amarelo (alegría) porque imos ler un conto".

➤ **Adaptación DUA:** Para quen aínda non le, ofrecer tarxetas con cores e pictogramas.

2. Lectura interactiva do conto "O Monstro de Cores"

○ **Antes da lectura:**

Reunimos o grupo en asemblea. Mostramos a portada do libro e preguntamos: *Que vedes? Que palabras credes que aparecerán no conto?* Escoitamos as súas ideas para activar coñecementos previos.

○ **Durante a lectura:**

Lemos en voz alta, mostrando as imaxes con claridade. Facemos pausas para preguntar: *E agora, de que cor se puxo o monstro? Como se chama esta emoción?* . Mostramos a tarxeta coa palabra escrita e convidamos a unha voluntaria a ler a palabra.

○ **Despois da lectura:**

Diálogo guiado con apoio visual-textual : *Cal era o lío do monstro? Que emocións aparecen? Que palabras novas aprendemos?*

- **Reforzar correspondencias con cartel visual permanente:**

🟡 Amarelo = ALEGRÍA 😊

🟢 Azul = TRISTEZA 😞

🔴 Vermello = RABIA 😡

⬛ Negro = MEDO 😨

🟢 Verde = CALMA 🧘

💖 Rosa = AMOR ❤️

3. *Actividade lecto-plástica: "Cada monstro coa súa emoción"* (Ficha 1)

Cada neno/a recibe unha ficha con varios debuxos do monstro en branco e seis etiquetas recortables coas palabras das emocións.

Consigna: Colorea o monstro coa cor cor da emoción e pégao noutra ficha xunto coa etiqueta da emoción que expresa.

4. *Xogo de emparellar (Ficha 2)*

Cada nena/o recibe unha ficha na que hai unha columna con cores.
(*amarelo, azul, vermello, negro, verde, rosa*), outra con caras de emocións e outra coa palabra de cada emoción.

Consigna: Debuxa liñas para emparellar cada cor coa súa emoción e a súa palabra.

5. *Peche da sesión e estratexia de calma (5-7 min)*

Asemblea final: De que cor nos sentimos agora? Cada neno/a cambia o seu adhesivo se o desexa.

Ensinar "**Respiración da flor e da vela**":

"Imaxinamos unha flor: inspiramos polo nariz cheirándoa (1-2-3)... Agora unha vela: expiramos pola boca apagándoa suavemente (1-2-3-4)".

Explicar que esta respiración pódese usar cando nos sintamos moi vermello (rabia) ou negro (medo).

Sección 2:

O día da actuación

Obxectivo específico da sesión:

Vivenciar a representación teatral das emocións e expresar graficamente unha emoción significativa.

1. Asemblea de benvida + termómetro emocional (5 min)

- Repetimos a **rutina inicial**. Explicamos que hoxe temos unha saída especial.

2. Preparación para ir ao teatro (10-15 min)

Diálogo guiado:

- o *Que credes que imos ver no teatro?*
- o *Como credes que se senten os actores e actrices cando actúan?*
- o Repasar protocolo de seguridade, parellas, persoa adulta de referencia...

3. Asistencia ao espectáculo teatral "O Monstro de Cores"

Asistencia ao espectáculo teatral "O Monstro de Cores" da compañía A Xanela do Maxín ([WEB](#))



4. Despois do teatro: o meu diario emocional ilustrado (Ficha 3)

Cada neno/a completa a ficha e debuxa algo que lle produza alegría, tristeza, enfado, medo, calma ou amor.

5. Peche da sesión (5 min)

Poñemos en común os debuxos e preguntamos:

Que parte do teatro vos gustou máis? Como vos sentistes cando o monstro estaba triste/enfadado/alegre?

Rematar con "Respiración da flor e da vela" en círculo, de mans dadas

Sección 3:

Escoitamos e Sentimos

Obxectivo específico da sesión:

Desenvolver a escoita activa e a conexión entre estímulos auditivos e estados emocionais.

1. Asemblea de benvida + termómetro emocional (5 min)

2. Preparación das tarxetas (Ficha 4)

Cada neno/a recibe unha ficha con 6 círculos para colorear coas cores das emocións. Despois recortamos as tarxetas.

3. Audición musical e movemento

Escoitamos fragmentos musicais do espectáculo "O Monstro de Cores" (👉 **ligazón coas cancións**).

Pregunta: "Esta música fainos sentir...?"

Os nenos e nenas levantan a tarxeta da cor que elixen e bailan ou móvense segundo como lles fai sentir a música.

➤ **Adaptacións sensoriais:**

- Permitir observar dende un rincón con auriculares de redución de ruído.
- Ofrecer obxectos antiestrés (bola de texturas) durante a audición.
- Non obrigamos a moverse: validar a observación como participación.

4. Peche da sesión (5 min)

Sentámonos en círculo e compartimos: Que música vos gustou máis? Cal era a máis difícil de bailar?

Rematar coa "Respiración da flor e da vela".

Sección 4:

O corpo fala... e tamén as palabras!

Obxectivo específico da sesión:

Recoñecer a expresión corporal como forma de comunicar emocións e asociar coa súa etiqueta escrita

1. Asemblea de benvida + termómetro emocional (5 min)

2. Quecemento articular + "Espello emocional"

- o **Movimentos suaves:** xirar pulsos, ombreiros, pescozo (sempre con respecto aos límites corporais).
- o **Xogo do espello:** Por parellas, unha persoa fai unha expresión facial/emocional e a outra persoa imita. Cambiar de rol.

3. Actividade manipulativa: Posturas + etiquetas (Fichas 5 a 10)

Imprimimos e recortamos as siluetas de corpos humanos en diferentes posturas e as etiquetas coa palabra das emocións. Colocamos todas as figuras e palabras desordeadas no chan.

A continuación, por quendas, un neno/a colle unha silueta e as demais imitan a postura.

4. Xogo principal: "Estatuas emocionais"

Poñemos música. Cando a música para, a persoa que guía di unha emoción ou mostra a traxeta coa palabra escrita e as nenas e nenos conxelan o corpo representándoa.

5. Peche da sesión (5 min)

Reflexión: Como podemos saber que alguén está triste sen que o diga? E como podemos saber se está alegre? Destacamos que o corpo "fala" sen palabras.

Rematar con "Respiración da flor e da vela".

Sección 5:

O teatro dos monstros emocionais

Obxectivo específico da sesión:

Integrar o aprendido mediante a dramatización, fomentando a empatía e a expresión verbal.

1. Asemblea de benvida + termómetro emocional (5 min)

2. Elaboración de recursos dramáticos (escoller unha opción)

- **Títeres:** Recortar os monstros da FICHA 1, pegar en pau ou palliña.
- **Máscaras:** Cartolinas de cores con elástico ou variña.
- **Chalecos de cor:** Bolsas de papel recortadas para pintar da cor da emoción.

Adaptación: Ofrecer títeres xa preparados para quen teña dificultades motrices. Tamén se poder permitir usar só adhesivos para decorar.

3. Dramatización en pequeno grupo

Dividimos a clase en pequenos grupos. Cada grupo recibe unha tarxeta cunha emoción. A continuación, preparamos pequenas escenas:

- o Un monstro que está contento porque atopou un tesouro.
- o Un monstro que ten medo da escuridade... pero atopa unha luz.
- o Un monstro que sente amor e dalle un abrazo a unha amiga.
- o Un monstro que está triste porque perdeu o seu xoguete favorito.
- o Un monstro que está enfadado porque lle quitaron a pelota.

4. Peche final da unidade (10-15 min)

- Revisamos os termómetros emocionais: *Como nos sentimos hoxe? E onte?*
- Cada neno/a di algo que aprendeu (*Aprendín que o amarelo é alegría*", "*Cando estou triste podo respirar ou pedir un abrazo*")
- Lectura coral das 6 palabras.

Rematar con "Respiración da flor e da vela"

Avaliación

Observación directa.

(registro anecdótico ou escala de estimación)

Recoñecen emocións en imaxes e palabras?

Nomean as emocións cando se lles pregunta?

Participan nas actividades con interese?

Utilizan as cores asociadas correctamente?

Expresan as súas propias emocións?

Portfolio da aula:

Fotos ou vídeos das actividades, os debuxos e as fichas gardadas nunha carpeta individual ou colectiva.

Autoavaliación da persoa docente:

As actividades respectaron os ritmos?

Houbo inclusión de todas as nenas e nenos?

Necesito reforzar algunha emoción en concreto?

Consellos para docentes

Linguaxe positiva

Evitar xulgar emocións ("non chores") e validar sempre: *"É normal sentirse así"*

Modelaxe emocional

A persoa adulta tamén nomea as súas emocións: *"Hoxe estou alegre porque..."*

Ritmo adaptado:

Respectar que cada neno/a ten o seu tempo para expresar emocións.

Inclusión

Adaptar actividades para necesidades específicas (pictogramas, apoio visual...)

Xeralización:

Aproveitar situacións cotiás (conflitos no recreo, perda dun obxecto)

Materiais necesarios

(resumo)

Conto "O Monstro de Cores" (Anna Llenas) - edición en galego.

Adhesivos de cores coas palabras das emocións (reutilizables ou dun só uso).

Fichas 1 a 4 imprimibles (A4), unha por nena/o.

Fichas 5 a 10 (Siluetas corporais imprimible A4), unha de cada.

Folios en branco, paus de madeira, cartolinas, pegamento, tesoiras de seguridade.

Recursos dixitais e audiovisuais

(resumo)

- Ligazón á web do espectáculo teatral

(<https://axaneladomaxin.com/espectaculos/o-monstro-de-cores>)

- Ligazón aos fragmentos musicais para a S3.

(<https://drive.google.com/drive/folders/1B4BD2oSrN28WoAVX7MKCegQRbyhkkmnq?usp=sharing>)

- Tablet ou cámara para portfolio de aula.

- Pictogramas ARASAAC imprimibles para axendas e guións.

Traballar as emocións en Educación Infantil senta as bases para unha intelixencia emocional saudable ao longo da vida.

Ligazóns útiles

- 📖 **Guía de Educación Emocional en Infantil - Consellería de Educación:**

(https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/guia_desenvolvemento_plan_benestar.pdf)

- 🌐 **ARASAAC - Pictogramas gratuítos:**

<https://arasaac.org>

- 🤖 **A Xanela do Maxín - Páxina web da Compañía:**

<https://axaneladomaxin.com>

Ficha 1:



ALEGRÍA

TRISTEZA

RABIA

MEDO


CALMA



Ficha 2:





RABIA



TRISTEZA




ALEGRÍA



CALMA



AMOR




MEDO

Ficha 3:


A EMOCIÓN QUE MÁIS ME GUSTOU FOI:

DEBUXO A MIÑA PARTE FAVORITA


Ficha 4:




ALEGRÍA




TRISTEZA




RABIA



MEDO



CALMA




AMOR

Ficha 5:

RABIA




Ficha 6:




AMOR

Ficha 7:

MEDO



Ficha 8:



ALEGRÍA


Ficha 9:

TRISTEZA



Ficha 10:

CALMA



o Monstro de Cores

Sinopse

Este espectáculo teatral, inspirado no popular libro de Anna Llenas, convértese nunha viaxe chea de cores, música e xogo, onde as nenas e nenos, xunto coas súas familias, descubrirán que as emocións son amigas que hai que coidar e entender.

O Monstro de Cores esperta hoxe algo confundido: todas as súas emocións mesturáronse e agora non sabe que lle pasa.

Para poñer orde neste caos, contará coa axuda da súa amiga, unha nena chea de curiosidade e ganas de axudar. Viviremos unha divertida e emocionante aventura para aprender a recoñecer, nomear e expresar sentimentos, como a alegría, a tristeza, a rabia, o medo ou a calma.

Duración: 45 minutos

Coidadora e Nina

Celtia Figueiras

Carpinteiro e Monstro

Xosé Vidal

Pintor de Emocións

Pepe López

Autoría e Dirección

Celtia Figueiras e Xosé Vidal

Deseño de Iluminación

Octavio Mas

Espazo sonoro e proxeccións

ALU Studios

*Ilustracións Proxeccións e
Cartel*

Lorena Couto

Fotografías

Afonso Sestelo

Escenografía e títeres

A Xanela do Maxín

info@axaneladomaxin.com

635364587 / 620294166

www.axaneladomaxin.com